

DEUS É MULLERE CHAMASE PETRUNYA

632

Teona Strugar Mitevska, 2019

ESTREA EN NUMAX: 24.01.2020 | V.O.S.G. | +12

Gospod postoi, imeto i' e Petrunija (2019, 100')

Dirección: Teona Strugar Mitevska

Guión: Teona Strugar Mitevska, Elma Tataragic

Elenco: Zorica Nusheva, Labina Mitevska, Stefan Vujisic, Suad Begovski, Simeon Moni Damevski, Violeta Sapkovska, Petar Mircevski, Andrijana Kolevska, Nikola Kumev

Son: Ingrid Simon

Fotografía: Virginie Saint-Martin

Montaxe: Marie-Hélène Dozo

Dirección de arte: Zeljka Buric

Vestuario: Monika Lorber

Música: Olivier Samouillan

Produtora: Deuxieme Ligne Films, Entre Chien et Loup, Sister and Brother Mitevski, Spiritus Movens, Vertigo/Emotionfilm (Macedonia-Bélxica-Francia-Croacia-Eslovenia)

Distribuidora: Karma Films

Formato de proxección: DCP2K, 2.35:1

Idioma orixinal: Macedonio

PREMIOS E FESTIVAIS

Premio LUX 2019, Belinale 2019 (Premio do Xurado Ecuménico), Sevilla 2019 (Mellor Actriz)

FILMOGRAFÍA

When the Day Had No Name, 2017

The Woman Who Brushed Off

Her Tears, 2012

I Am from Titov Veles, 2007

How I Killed a Saint, 2004

Veta, 2001 [curtametraxe]

SINOPSE

En Stip, un pequeno pobo de Macedonia, cada mes de xaneiro o sacerdote local guinda unha cruz de madeira ao río nunha cerimonia na que centos de homes se botan á auga para tentar conseguila. Quen se faga con ela terá garantida a boa sorte durante todo o ano. Pero desta volta a cruz colleuna Petrunya. Os demais competidores están anoxados. Como se atreve unha muller a participar neste ritual tradicionalmente masculino? A tormenta estoupa, pero Petrunya mantense firme: non está disposta a devolver a cruz.

«Unha divertida radiografía do machismo, a estupidez e a arrogancia»

Luis Martínez, EL MUNDO

Filme especialmente recomendado para o fomento da igualdade de xénero

Subtitulado ao galego co apoio da Secretaría Xeral de Política Lingüística

IF FOMENTO DA
IGUALDADE
DE XÉNERO



DEUS É MULLER E CHÁMASE PETRUNYA

Teona Strugar Mitevska, 2019

EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

“Cada vez que se conta unha historia de mulleres é inevitabelmente un filme feminista”

Entrevista con Teona Strugar Mitevska

Cal é a orixe da historia? Cada 19 de xaneiro, coincidindo co día da Epifanía, a meirande parte dos ortodoxos do Leste de Europa, incluída Macedonia, celebran a cerimonia da cruz. En 2014, unha muller colleu a cruz nun pobo chamado Stip, en Macedonia. Este acto foi considerado unha aldraxe tanto pola poboación local como polas autoridades relixiosas. Ás mulleres non se lles permite participar neste acontecemento polo que tentaron riparlle a cruz. Pero ela non estaba disposta a entregala. Ao día seguinte, esta muller concedeu unha entrevista á emisora de radio local animando a todas as mulleres a participaren cada ano para se facer coa cruz. A partir dese momento etiquetárona de tola, perturbada e problemática.

Para min e para a produtora Labina Milevska, todas estas reaccións expuñan unha reflexión natural de conformismo social, á vez que revelaban a misoxinia instalada na nosa sociedade polo patriarcado. Era frustrante e exasperante. A historia de Petrunya naceu como unha reacción a esta frustración.

Cres ter feito unha película feminista?

Todas as sociedades patriarcais están construídas para apoiar a dominación masculina. Nelas o estatus da muller e o seu espazo social é decidido polos homes. Cada vez que se conta unha historia de mulleres é inevitabelmente un filme feminista. Cada fita cun personaxe feminino, protagonista ou non, que non se conforma cos roles tradicionais, é un filme feminista. Para min, é difícil imaxinar ser muller e non ser feminista. O feminismo non é unha doenza ou algo do que debamos ter medo. O que está á fronte desta ideoloxía é a igualdade, a xustiza e a equidade para todos.

Petrunya pode parecer feble e indefensa ao empezo, pero segundo avanza o filme e o pobo se volve na súa contra, amósase a cada volta máis forte. Onde atopa esta enerxía?

Sempre crin na verdade universal, o ideal polo que todos os seres humanos, consciente ou inconscientemente, se esforzan. As circunstancias do lugar e a contorna social e cultural na que nacemos e medramos, dános información, pero non nos define. Coido firmemente que a muller é inherentemente máis sensíbel á inxustiza xa que nacemos nun mundo inxusto e desigual. Desde que somos pequenas vémonos obrigadas a xustificar a nosa existencia, as nosas intencións e os nosos roles.

As mulleres están nunha constante modificación, o que conduce a unha

transcendencia indefinida, á necesidade de ser e comportarse mellor. Non son a primeira nin a última en dicir isto. Simone de Beauvoir xa o dixo. Non quero dicir que Petrunya sexa consciente de todo isto, pero como membro da máis grande e perseguida maioría da historia da humanidade, si que o é aínda que de maneira inconsciente. Transcende a través da historia e dos atrancos que se atopa no camiño na busca da xustiza. Efectivamente ao empezo Petrunya é feble aínda que eu prefiro difinila como tranquila. A miña coguionista Elma Tataragic e máis eu discutimos moito sobre isto. Debera ser Petrunya unha personaxe forte como Slavica, a xornalista, ou debera transformarse ao longo da historia? Eliximos a segunda opción porque consideramos o cambio como algo positivo. O que é certo é que a súa situación é a que lle permite buscar a verdade e grazas a esta necesidade de xustiza atopa a forza para se transformar.

Publicado en karmafilms.es
Tradución: Xan Gómez Viñas

A directora

Teona Strugar Mitevska nace en 1974 nunha familia de artistas de Skopje, Macedonia. De nena traballa como actriz, estuda pintura e deseño gráfico e máis tarde viaxa a Nova York estudar cinema na Escola de Arte Tisch. Debuta coa curtametraxe *Veta* (Premio Especial do Xurado na Berlinale 2001) e coa longa *How I Killed a Saint*, seleccionada en Rotterdam 2004. Desde entón a súa obra non para de medrar cun total de 5 longametraxes seleccionadas en festivais de primeiro nivel como Toronto, Berlín ou Cannes.

NA LIBRARÍA NUMAX

El segundo sexo, Simone de Beauvoir
Cátedra, 2005

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org



MARTA XA TEN O SEU ABONO PROTEXE

E ti, a que
agardas para
abonarte?



Se ti xa es de NUMAX
e queres compartilo,
fai unha foto co teu
abono e compártea.
#eusondennumax